

Estimadas familias:

En nome da ANPA do IES O RIBEIRO, queremos saudar a todas as familias e especialmente a aquelas que comezan neste curso a súa andadura no centro: **BENVIDAS E MOITÍSIMO ÁNIMO**!!!

CONVOCATORIA PARA A PRESENTACIÓN DE ACTIVIDADES DA ANPA PARA O CURSO 2023-24

DATA: MÉRCORES 22/11/2023

LUGAR: AULA CEMIT CASA DA CULTURA DE RIBADAVIA

HORA: 20:00h

O obxectivo principal das/os nais, pais, titores ou coidadores é que a educación e a atención dos nenos e nenas sexa a mellor posible. Para que isto poida ser posible en maior medida, debemos estar implicadas/os, unha implicación que debe de ser ampla, é dicir, tanto das familias como do centro, o que fai que a comunidade educativa opere con maior eficacia e operatividade.

Outro dos obxectivos fundamentais, é conseguir canalizar a representatividade da opinión das/os nais, pais, titores ou coidadores, funcionando coma un foro de debate e ideas facéndoas fluír, de tal xeito que incidan no bo funcionamento do centro. Todo isto, favorecendo a convivencia en colaboración co equipo directivo e docente.

UNHA APERTA E VÉMONOS O MÉRCORES 22 PARA FALAR DO QUE MÁIS INTERESA!!

A directiva da ANPA